

PROGRAMACIÓN DE ORQUESTA

2025/2026



CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS	CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:
CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavilán, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

Índice

1.	Introdución	1
1.1	Marco legal	1
1.2	Características do centro	3
1.3	Características do alumnado	3
2.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais	4
2.1	Obxectivos xerais	4
2.2	Obxectivos específicos	4
2.3	Contidos	5
2.4	Criterios de avaliación	6
3.	Metodoloxía	6
3.1	Principios metodolóxicos	7
3.2	Métodos didácticos	8
4.	Atención á Diversidade	8
4.1	Principios xerais da atención á diversidade	8
4.2	Medidas de atención á diversidade	9
4.2.1	Adaptación metodolóxicas	9
4.2.2	Apoio e reforzo educativo	9
4.2.3	Atención ao alumnado con altas capacidades	10
4.3	Coordinación e seguimento	10
5.	Temas transversais	10
5.1	Educación en valores	11
5.2	Desenvolvemento persoal e social	11
5.3	Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible	11
5.4	Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)	12
6.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6.1	Concertos e recitais	12
6.2	Obradoiros e masterclasses	13

6.3	Colaboración con outras disciplinas artísticas	13
7.	Secuenciación por cursos	13
7.1	Curso 1º.....	14
7.1.1	Obxectivos.....	14
7.1.2	Contidos.....	15
7.1.3	Avaliación	16
7.1.3.1	Criterios de avaliación	17
7.1.3.2	Actividades de avaliación	17
7.1.3.3	Mínimos esixibles	17
7.1.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	18
7.1.3.5	Criterios de cualificación	19
7.1.3.6	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	19
7.1.3.7	Medidas de recuperación	20
7.1.4	Recursos didácticos	20
7.2	Curso 2º.....	22
7.2.1	Obxectivos.....	22
7.2.2	Contidos.....	22
7.2.3	Avaliación	24
7.2.3.1	Criterios de avaliación	25
7.2.3.2	Actividades de avaliación	25
7.2.3.3	Mínimos esixibles	26
7.2.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	26
7.2.3.5	Criterios de cualificación	27
7.2.3.6	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	27
7.2.3.7	Medidas de recuperación	28
7.2.4	Recursos didácticos	28
7.3	Curso 3º.....	30
7.3.1	Obxectivos.....	30
7.3.2	Contidos.....	30

7.3.3	Avaliación	32
7.3.3.1	Criterios de avaliación	33
7.3.3.2	Actividades de avaliación	33
7.3.3.3	Mínimos esixibles	33
7.3.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	34
7.3.3.5	Criterios de cualificación	35
7.3.3.6	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	35
7.3.3.7	Medidas de recuperación	36
7.3.4	Recursos didácticos	36
7.4	Curso 4º.....	38
7.4.1	Obxectivos	38
7.4.2	Contidos.....	38
7.4.3	Avaliación	40
7.4.3.1	Criterios de avaliación	41
7.4.3.2	Actividades de avaliación	41
7.4.3.3	Mínimos esixibles	42
7.4.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	42
7.4.3.5	Criterios de cualificación	43
7.4.3.6	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	44
7.4.3.7	Medidas de recuperación	44
7.4.4	Recursos didácticos	45
7.5	Curso 5º.....	46
7.5.1	Obxectivos	46
7.5.2	Contidos.....	47
7.5.3	Avaliación	49
7.5.3.1	Criterios de avaliación	49
7.5.3.2	Actividades de avaliación	50
7.5.3.3	Mínimos esixibles	50
7.5.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	50

7.5.3.5	Criterios de cualificación	52
7.5.3.6	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	52
7.5.3.7	Medidas de recuperación	52
7.5.4	Recursos didácticos	53
7.6	Curso 6º.....	54
7.6.1	Obxectivos.....	54
7.6.2	Contidos.....	55
7.6.3	Avaliación	57
7.6.3.1	Criterios de avaliación	58
7.6.3.2	Actividades de avaliación	58
7.6.3.3	Mínimos esixibles.....	58
7.6.3.4	Procedementos e ferramentas de avaliación	59
7.6.3.5	Criterios de cualificación	60
7.6.3.6	Medidas de recuperación	60
7.6.4	Recursos didácticos	61
8.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	62
9.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	63
10.	Anexos.....	64
10.1	Probas de acceso a 1º de grao profesional	64
10.2	Probas de acceso a outros cursos	64
10.3	Faltas de asistencia.....	64
10.4	Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais.....	65

1. Introducción

A materia de Orquestra na especialidade de Música Moderna ten como obxectivo principal proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para interpretar, coordinar e integrar a súa práctica instrumental nun conxunto de maior complexidade tímbrica, no que conviven cordas, ventos, percusión e sección rítmica moderna. A través do traballo sobre repertorio representativo dos principais estilos contemporáneos, desenvólvense competencias técnicas, auditivas, expresivas e colaborativas que preparan ao estudante para afrontar contextos musicais profesionais.

O estudo da orquestra abrangue o desenvolvemento da afinación temperada e colectiva, o equilibrio entre familias instrumentais, a cohesión rítmica e a interacción entre seccións, así como a comprensión do papel que desempeña cada instrumentista dentro da arquitectura sonora global. Esta materia fomenta a escoita activa e crítica, promove a responsabilidade individual no marco do traballo grupal e potencia a creatividade interpretativa e a capacidade de comunicación musical do alumnado a través da interpretación en directo.

No Grao Profesional, a ensinanza da orquestra intégrase de forma coherente co resto das materias do currículo, como instrumento principal, conxunto instrumental, harmonía, análise ou improvisación, contribuíndo ao desenvolvemento dunha visión práctica, transversal e completa da linguaxe musical moderna. O traballo en orquestra permite aplicar de forma funcional os coñecementos adquiridos noutras materias, favorecendo a súa consolidación e impulsando a madurez artística do alumnado nun contorno colaborativo e profesionalizador.

1.1 Marco legal

A programación da materia de Orquestra na especialidade de Música Moderna baséase na normativa vixente aplicable ás ensinanzas profesionais de música en España e en Galicia. Téñense en conta os seguintes documentos:

Normativa estatal

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, que establece o marco xeral das ensinanzas artísticas e profesionais de música.

- **Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en España.
- **Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo**, polo que se regula o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e os títulos correspondentes.

Normativa autonómica (Galicia)

- **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Orde do 29 de setembro de 2015**, pola que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia, detallando os contidos específicos de cada materia.
- **Orde do 11 de xuño de 2010**, pola que se regulan os aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Decreto 426/2003, do 30 de outubro**, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de réxime especial en Galicia, incluíndo os conservatorios profesionais.
- **Decreto 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 en canto á organización dos conservatorios profesionais.
- **Orde do 28 de xullo de 2008**, pola que se establecen os criterios de avaliación e promoción do alumnado nas ensinanzas profesionais de música en Galicia, disposta no Decreto 198/2007, do 27 de setembro.
- **Circular 15/2011**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan os aspectos organizativos dos conservatorios profesionais de música en Galicia.

Normativa interna

- **Normativa interna do centro autorizado**, onde se detallan aspectos organizativos específicos, como a distribución horaria, os criterios de avaliación e as metodoloxías didácticas.

1.2 Características do centro

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas, un centro especializado na formación de músicos cun enfoque práctico, integrador e adaptado ás demandas actuais do panorama musical. Este centro ten como finalidade ofrecer unha formación sólida e actualizada que prepare ao alumnado para afrontar os retos tecnolóxicos e creativos presentes na música contemporánea. O centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais. Ao longo destes anos, moitos alumnos prepararon satisfactoriamente as probas de acceso, tanto en música como en danza, para acceder ao ámbito superior. A maiores o centro ten un amplo calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado que se realizan tanto dentro das instalacións como en concertos e festivais ao aire libre. O centro ten unha capacidade para acoller uns 180 alumnos de música e 80 de danza.

1.3 Características do alumnado

O alumnado varía a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. As principais motivacións para o estudo neste centro son: a obtención dun título que lles abra saídas profesionais e que os posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música, a calidade das ensinanzas e a ubicación do centro. O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

O alumnado que cursa estes estudos procede de diferentes especialidades instrumentais e posúe formacións previas diversas, polo que o aprendizaxe está estruturado de xeito flexible, atendendo á pluralidade de niveis e intereses. Esta diversidade constitúe un valor engadido no proceso de aprendizaxe, fomentando a colaboración, a resolución de problemas e o intercambio de coñecementos.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no seu artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade.

2.1 Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais desta materia están formulados de acordo coa Orde do 29 de setembro de 2015 e orientan a formación global do alumnado na interpretación colectiva de música moderna:

1. Fomentar no alumnado a capacidade de traballar de forma colaborativa nun conxunto instrumental, asumindo responsabilidades e contribuíndo ao resultado global da interpretación.
2. Desenvolver a afinación, o equilibrio sonoro e a coordinación rítmica dentro dunha agrupación instrumental.
3. Coñecer e valorar o repertorio da música moderna como parte do patrimonio cultural colectivo.
4. Potenciar a escoita activa e a interacción entre seccións como ferramentas fundamentais para a interpretación en directo.
5. Empregar correctamente a terminoloxía e os conceptos propios do traballo en conxunto (indicacións do director, dinámicas, articulacións, estruturas formais).
6. Integrar os coñecementos adquiridos noutras materias (instrumento, harmonía, análise, improvisación) na interpretación colectiva.
7. Estimular a sensibilidade artística, a expresividade e o criterio estético a través da interpretación de obras significativas da música moderna.
8. Relacionar os elementos musicais co contexto estilístico e cultural en que foron creados, comprendendo o seu papel dentro da historia da música moderna.

2.2 Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos definen as habilidades e competencias concretas que se pretenden desenvolver ao longo do curso:

1. Interpretar partituras de diferentes estilos da música moderna (jazz, rock, pop, funk, fusión, etc.) mantendo a afinación, o tempo e a cohesión co grupo.
2. Manter a coordinación rítmica e o equilibrio tímbrico entre as distintas seccións da Orquestra.
3. Seguir con precisión as indicacións do director, aplicando correctamente dinámicas, articulacións, entradas e cortes.
4. Adaptar a propia interpretación ao estilo e carácter das obras, desenvolvendo a expresividade e o sentido musical.
5. Traballar de forma colaborativa, respectando o labor das outras seccións e contribuíndo activamente ao resultado global da agrupación.
6. Preparar individualmente as partes asignadas e integrarse con responsabilidade no ensaio colectivo.
7. Participar en concertos e proxectos públicos, demostrando autonomía, iniciativa e actitude profesional.
8. Valorar a diversidade de linguaxes e formacións instrumentais da música moderna, comprendendo a súa evolución e función social.

2.3 Contidos

- Fundamentos da interpretación colectiva: afinación, equilibrio tímbrico, dinámica, articulación e coordinación rítmica.
- Lectura e montaxe de repertorio de diferentes estilos da música moderna (jazz, rock, pop, funk, fusión, soul, etc.).
- Organización e función das distintas seccións instrumentais dentro da Orquestra rítmica, harmónica, melódica, de apoio e solistas).
- Comunicación co director: sinais manuais, entradas, cortes, dinámicas, cambios de tempo e estrutura.
- Desenvolvemento da escoita activa: identificación de erros, corrección individual e adaptación ao grupo.
- Preparación individual e ensaio colectivo: planificación do estudo, responsabilidade e disciplina.
- Práctica de improvisación guiada e solos en contexto de Orquestra.

- Coñecemento de recursos estilísticos e interpretativos propios dos principais estilos da música moderna.
- Participación en concertos e proxectos públicos: posta en escena, actitude profesional e traballo en equipo.
- Valoración e respecto polo traballo colectivo, pola diversidade de estilos e polo patrimonio musical moderno.

2.4 Criterios de avaliación

- Capacidade para manter a afinación, o tempo e a cohesión co resto do grupo durante os ensaios e actuacións.
- Habilidade para aplicar correctamente dinámicas, articulacións, matices e indicacións do director.
- Participación activa, constante e responsable nos ensaios, asumindo o compromiso co traballo do grupo.
- Preparación individual axeitada das partes asignadas, demostrando autonomía e disciplina de estudo.
- Capacidade de adaptación á interpretación conxunta, axustando volume, timbre e fraseo para lograr equilibrio coas outras seccións.
- Actitude colaborativa, respecto e disposición para o traballo en equipo dentro da Orquestra.
- Participación en concertos e proxectos públicos con iniciativa, seguridade e comportamento profesional.
- Integración dos coñecementos adquiridos noutras materias (instrumento, harmonía, análise, improvisación) na práctica de conxunto.

3. Metodoloxía

A metodoloxía da materia de **Orquestra de Música Moderna** estará centrada na aprendizaxe práctica, activa e colaborativa, fomentando que o alumnado non só desenvolva as súas capacidades instrumentais individuais, senón que tamén aprenda a integrarse nun conxunto colectivo, asumindo responsabilidades e interactuando co resto da agrupación.

A Orquestra será entendida como un espazo de aprendizaxe cooperativa no que o alumnado poida desenvolver a súa capacidade auditiva, expresiva e creativa a través da interpretación en grupo.

Buscarase un enfoque dinámico e participativo, no que se valore a capacidade de escoita activa, adaptación, comunicación e coordinación, así como a comprensión do papel de cada instrumentista dentro do conxunto e a relación do repertorio cos distintos estilos e contextos da música moderna.

3.1 Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos que guían esta programación son:

- **Actividades prácticas e vivenciais:** mediante ensaios por seccións e xerais, centrados no desenvolvemento da afinación, coordinación rítmica, cohesión sonora e expresión musical, aplicando directamente os coñecementos adquiridos noutras materias.
- **Participación activa:** fomentarse o traballo cooperativo, a responsabilidade individual e a implicación nas sesións, favorecendo a iniciativa persoal e a colaboración co grupo.
- **Avaliación continua:** baseada na observación directa do progreso en ensaios e actuacións, así como na preparación individual e na actitude durante as clases.
- **Flexibilidade e diversidade metodolóxica:** adaptando a programación ao nivel e ás necesidades do alumnado, garantindo un enfoque inclusivo que permita a participación de todos os membros da Orquestra
- **Convivencia:** procurarse crear un clima de respecto, escoita activa, empatía e cooperación, promovendo o espírito de equipo como valor esencial da práctica en conxunto.
- **Significación:** presentaranse os contidos como ferramentas útiles para a interpretación real e en directo, favorecendo a transferencia do aprendido a contextos musicais auténticos (concertos, proxectos, gravacións).
- **Interdisciplinariedade:** estableceranse conexións con materias como Instrumento Principal, Conxunto, Harmonía, Análise ou Improvisación, integrando de forma funcional os coñecementos no traballo da Orquestra.
- **Creatividade:** animarase ao alumnado a aportar ideas interpretativas propias, suxestións de arranxos, solos ou recursos estilísticos, promovendo unha actitude proactiva e artística dentro do grupo.

3.2 Métodos didácticos

A elección dos métodos didácticos baséase nos seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** o coñecemento constrúese a partir das experiencias previas do alumnado. O traballo na Orquestra parte do que cada alumno xa sabe e pode achegar dende o seu instrumento, conectando os novos contidos coas habilidades adquiridas noutras materias e coa súa experiencia musical e cultural.
- **Aprendizaxe significativa:** para favorecer unha comprensión real e duradeira, os contidos presentaranse de forma ordenada, contextualizada e vinculada á práctica directa en ensaio e concerto. A aprendizaxe farase mediante a preparación individual das partes, o ensaio en grupo e a reflexión conxunta sobre os resultados.

Para que a aprendizaxe sexa efectiva, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Crear un bo clima de traballo, baseado na confianza, no respecto mutuo, na motivación e na participación activa.
- Presentar os obxectivos musicais de cada obra de forma clara, progresiva e coherente co nivel do grupo.
- Relacionar os novos contidos cos coñecementos previos e coa práctica instrumental habitual do alumnado.
- Promover o estudo individual como parte esencial do proceso formativo, valorando o esforzo persoal e a constancia, e responsabilizando ao alumnado do seu papel dentro do conxunto.

4. Atención á Diversidade

A atención á diversidade na materia de Orquestra parte do principio de que cada alumno e alumna ten necesidades, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes. Por iso, esta programación garante unha ensinanza flexible, inclusiva e adaptada, que promova a equidade e asegure que todo o alumnado poida acadar os obxectivos propostos.

4.1 Principios xerais da atención á diversidade

A programación basearase nos seguintes principios:

- **Inclusión:** Garantir que todo o alumnado poida participar de forma activa e significativa nas actividades analíticas propostas.

- **Persoalización da aprendizaxe:** Axustar os contidos e métodos aos distintos niveis de partida e formas de aprender do alumnado.
- **Flexibilidade metodolóxica:** Empregar estratexias didácticas variadas que favorezan a comprensión das obras musicais desde múltiples enfoques.
- **Equidade:** Promover a igualdade de oportunidades e recursos para que cada estudante poida desenvolver ao máximo as súas capacidades analíticas, musicais e expresivas.

4.2 Medidas de atención á diversidade

4.2.1 Adaptación metodolóxicas

- **Uso de recursos visuais e auditivos:** empregaranse partituras con anotacións gráficas, esquemas de estrutura e gravacións de referencia para facilitar a comprensión das obras e a súa montaxe.
- **Emprego de ferramentas dixitais:** utilizaranse aplicacións e programas de notación, metrónomos, afinadores e plataformas de aprendizaxe colaborativa para apoiar o estudo individual e colectivo.
- **Metodoloxía activa baseada en proxectos:** organizaranse concertos, gravacións e montaxes de repertorio como proxectos colectivos, permitindo adaptar os ritmos de traballo ás necesidades do grupo e de cada alumno/a.
- **Presentación de exemplos próximos ao alumnado:** seleccionárase repertorio e estilos coñecidos e motivadores para favorecer a implicación, a conexión co seu contorno musical e a comprensión das funcións de cada sección na Orquestra.

4.2.2 Apoio e reforzo educativo

- Itinerarios adaptados para alumnado con dificultades, atendendo especialmente á comprensión auditiva e lectoescritura musical.
- Actividades complementarias e sesións de reforzo para consolidar conceptos analíticos esenciais.
- Tutorías individuais ou en pequenos grupos para reforzar aspectos concretos da materia.

4.2.3 Atención ao alumnado con altas capacidades

- **Asignación de partes de maior dificultade técnica ou responsabilidade musical**, como solos, pasaxes destacados ou liderado de sección, para estimular o seu nivel interpretativo.
- **Participación en tarefas de apoio ao director**, como coordinar ensaios parciais de sección ou propoñer ideas de interpretación e arranxo, favorecendo o seu pensamento crítico e creativo.
- **Incorporación de repertorio complementario de maior complexidade estilística ou técnica**, adaptado ao seu nivel, para traballar en paralelo ao repertorio común do grupo.
- **Participación en proxectos interdisciplinares, gravacións ou actividades externas** (concertos especiais, encontros musicais, colaboracións con outras agrupacións) que potencien a súa motivación e iniciativa artística.

4.3 Coordinación e seguimento

Para garantir unha atención eficaz á diversidade, realizarase:

- **Avaliación continua e individualizada** para detectar dificultades ou necesidades específicas.
- **Coordinación co equipo docente** doutras materias e co titorado para deseñar estratexias conxuntas.
- **Colaboración co departamento de orientación**, cando sexa preciso, para establecer medidas específicas de apoio.

Con estas medidas, búscase garantir unha aprendizaxe significativa e adaptada que permita ao alumnado desenvolver plenamente as súas competencias no ámbito da análise musical, respectando o seu ritmo e estilo persoal de aprendizaxe.

5. Temas transversais

A educación musical, ademais de desenvolver competencias técnicas e artísticas, tamén contribúe á formación integral do alumnado a través da integración de temas transversais. Estes aspectos fomentan valores fundamentais que enriquecen tanto o proceso educativo como a sociedade en xeral.

O currículo das ensinanzas profesionais de música inclúe elementos transversais que permiten reflexionar sobre dimensións sociais, éticas e humanas da educación, e que se poden traballar de xeito efectivo a través da interpretación musical.

5.1 Educación en valores

A través da materia de Análise de Música Moderna promoveranse os seguintes valores:

- **Educación para a saúde:** Insistirase na importancia da hixiene postural durante a audición e estudo musical. Traballarase tamén o impacto emocional positivo da música, favorecendo o equilibrio persoal e a xestión do estrés a través da escoita consciente.
- **Igualdade de xénero:** Visibilizaranse compositoras, intérpretes e figuras femininas dentro da música moderna, favorecendo unha visión inclusiva e igualitaria da historia da música.
- **Respecto e convivencia:** O traballo en grupo, a análise compartida de obras e o diálogo sobre estilos musicais fomentarán o respecto polas ideas dos demais e a valoración da diversidade cultural e estética.

5.2 Desenvolvemento persoal e social

- **Creatividade e pensamento crítico:** A interpretación en Orquestra require tomar decisións artísticas conxuntas, escoitar propostas doutros compañeiros e valorar diferentes enfoques estilísticos, o que fomenta unha mente aberta, flexible e crítica.
- **Autoestima e expresión emocional:** A participación activa nun grupo musical favorece a confianza en si mesmo, ofrece un espazo seguro para expresar emocións a través da música e permite ao alumnado sentirse parte dun proxecto artístico colectivo.
- **Responsabilidade e esforzo:** A práctica en Orquestra implica preparación individual, puntualidade, constancia e compromiso co conxunto, valores que fortalecen a disciplina persoal e o sentido de responsabilidade dentro dun equipo.

5.3 Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible

- **Educación ambiental:** Tomarase conciencia sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio tanto como ferramenta expresiva como elemento de respecto polos demais. Ademais, reflexionarase sobre a sostibilidade na industria musical.
- **Uso responsable das novas tecnoloxías:** Valorarase o uso ético das TIC, promovendo a reflexión sobre a dependencia tecnolóxica e o consumo consciente de contido dixital.

5.4 Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)

Uso de software especializado: Empregarase software específico para realizar análises harmónicas, rítmicas e estruturais de pezas para orquestra, favorecendo unha aprendizaxe visual e auditiva máis completa, así como a comprensión da interacción entre seccións e instrumentos.

- **Gravación e produción musical:** Introducirase o uso básico de ferramentas para a edición e análise de audio de interpretación en Orquestra, permitindo ao alumnado estudar obras desde unha perspectiva práctica e técnica, así como valorar o equilibrio e a dinámica entre seccións.

- **Aprendizaxe en liña:** Fomentarase o uso de plataformas dixitais para acceder a recursos de análise, investigación sobre estilos e repertorios de Orquestra, e para o intercambio de ideas e traballos entre estudantes, facilitando o traballo colaborativo e a preparación de interpretacións en grupo.

A incorporación destes temas transversais na materia de **Orquestra** contribúe a unha formación máis global do alumnado, preparándoo para ser non só músico, senón tamén cidadán reflexivo, creativo e comprometido co seu entorno, capaz de analizar, interpretar e colaborar de xeito consciente dentro dun ensamble.

6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

A promoción das ensinanzas de música moderna e a súa integración na vida cultural da comunidade son aspectos fundamentais desta programación. A través de diversas actividades culturais, preténdese enriquecer a experiencia do alumnado, fomentar o contacto co mundo profesional e achegar a música á sociedade, facendo visible o traballo que se realiza nas aulas e o valor da análise musical como ferramenta artística e intelectual.

6.1 Concertos e recitais

- **Organización de concertos didácticos en formato de Orquestra**, nos que o alumnado interprete obras de distintos estilos da música moderna, achegando ao público a diversidade de formacións e repertorios.
- **Participación en festivais e encontros musicais locais e autonómicos**, representando ao centro mediante a interpretación de repertorio variado (pop, funk, jazz, rock, soul, etc.) e promovendo a visibilidade da música moderna.

- **Realización de audicións abertas ao público**, nas que o alumnado interprete o repertorio traballado en Orquestra, favorecendo a experiencia escénica e a motivación artística.

6.2 Obradoiros e masterclasses

- **Invitación de profesionais da música moderna** para traballar conxuntamente coa Orquestra aspectos como a interpretación de repertorio actual, técnicas específicas de seccións instrumentais ou a preparación de concertos e gravacións.
- **Obradoiros de creación e montaxe musical**, nos que o alumnado poida participar en procesos de arranxo, adaptación e preparación de novas pezas para a Orquestra, aplicando de forma práctica os coñecementos adquiridos noutras materias.
- **Sesións de audición guiada en grupo**, para coñecer novos estilos e formacións instrumentais, reforzar a escoita activa e ampliar o repertorio de referencia do alumnado.

6.3 Colaboración con outras disciplinas artísticas

- **Proxectos conxuntos con danza, teatro ou artes visuais**, nos que a Orquestra participe como acompañamento musical en creacións escénicas colectivas, integrando música en directo con outras disciplinas artísticas.
- **Participación en eventos culturais da contorna**, representando ao centro a través de actuacións en colaboración con asociacións culturais, escolas de arte ou centros educativos.
- **Colaboracións con escolas ou entidades audiovisuais**, para a creación de Orquestras sonoras orixinais ou a gravación de materiais formativos que combinen música moderna e imaxe.

Estas actividades buscan non só fortalecer as competencias interpretativas e colaborativas do alumnado, senón tamén favorecer a súa implicación en proxectos artísticos que conecten o centro co entorno social e cultural.

7. Secuenciación por cursos

A materia de Orquestra impártese ao longo de todos os cursos do grao profesional, seguindo unha progresión que permite ao alumnado desenvolver as súas habilidades interpretativas e traballar de forma colectiva, adquirindo experiencia na execución de pezas de complexidade crecente.

A secuenciación dos contidos está deseñada para integrarse de forma natural co nivel técnico e interpretativo do alumnado, tendo en conta que nesta etapa xa conta cunha base sólida en linguaxe

musical, harmonía e práctica instrumental. Isto permite que o traballo musical se enfoque na interpretación de pezas cada vez máis elaboradas e variadas, favorecendo o crecemento progresivo e a adaptación a diferentes estilos e agrupacións.

A continuación preséntase a correspondencia entre os cursos da materia e os cursos do itinerario xeral do grao profesional:

- **1º e 2º Curso:** Interpretación de pezas sinxelas e traballo de habilidades básicas de conxunto.
- **3º e 4º Curso:** Execución de obras de complexidade media, desenvolvemento de habilidades técnicas e coordinación grupal.
- **5º e 6º Curso:** Interpretación de pezas avanzadas, consolidación da técnica, expresión musical e preparación para actuacións profesionais.

Esta organización permite que o alumnado desenvolva progresivamente a súa capacidade interpretativa e o traballo en grupo ao longo de todo o período profesional, adaptándose ás demandas crecentes de complexidade e estilo das pezas.

7.1 Curso 1º

7.1.1 Obxectivos

O primeiro curso de Orquestra ten como finalidade iniciar ao alumnado na interpretación en grupo, proporcionándolle ferramentas básicas para tocar pezas de forma coordinada, respectando a dinámica, articulación e estilo de cada obra. A través dunha metodoloxía práctica e colaborativa, preténdese que os estudantes desenvolvan a súa capacidade de escoita activa, coordinación con outros músicos e comprensión global do repertorio.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar de maneira activa e responsable na execución de pezas sinxelas en grupo, respectando a dinámica, articulación e fraseo musical.
2. Desenvolver a coordinación rítmica e a afinación colectiva, adquirindo estabilidade no son do conxunto.
3. Fomentar a escoita activa, identificando o papel de cada voz ou sección dentro da agrupación.
4. Aplicar técnicas básicas de interpretación instrumental de forma consistente e adecuada ao estilo das pezas traballadas.

5. Familiarizarse cos principais estilos e xéneros do repertorio de Orquestra, recoñecendo características distintivas e adaptando a interpretación a cada estilo.
6. Traballar de forma colaborativa, respectando as indicacións do director/a e contribuíndo ao equilibrio e cohesión do conxunto.
7. Participar en pequenas actuacións ou ensaios abertos, desenvolvendo habilidades de expresión musical e confianza sobre o escenario.

7.1.2 Contidos

Os contidos están organizados en bloques que permiten unha progresión lóxica no desenvolvemento das competencias interpretativas do alumnado. A selección de repertorio será flexible e variada, con pezas representativas dos principais estilos de Orquestra e conxunto, aumentando progresivamente a complexidade.

Bloque 1: Introducción á interpretación en grupo

- Participación en ensaios e actuacións colectivas.
- Coñecemento básico das normas de traballo en conxunto: dinámica, articulación e fraseo.
- Desenvolvemento da escoita activa e coordinación cos compañeiros.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Identificación de motivos, frases e períodos dentro das pezas.
- Interpretación de formas musicais simples e estruturadas (binaria, ternaria, ballada, 12 compases de blues, etc.).
- Comprensión do papel de cada sección dentro do conxunto.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Desenvolvemento da afinación e equilibrio entre voces e seccións.
- Aplicación de técnicas instrumentais básicas de forma consistente.
- Coordinación rítmica e estabilidade no compás durante a interpretación de pezas de dificultade elemental a media.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo de texturas homofónicas, contrapuntísticas e polifónicas no contexto da Orquestra
- Aplicación de dinámicas, articulacións e matices expresivos.
- Interpretación de ritmos e grooves característicos dos diferentes estilos.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Familiarización cos principais estilos da música de Orquestra e conxunto.
- Adaptación da interpretación ao estilo e ao carácter de cada peza.
- Recoñecemento de recursos estilísticos e evolucións no repertorio.

Bloque 6: Aplicación práctica e actuación

- Interpretación progresiva de pezas de dificultade crecente.
- Participación en ensaios e actuacións, traballando a cohesión e o equilibrio do conxunto.
- Desenvolvemento da expresión musical, do traballo en equipo e da confianza sobre o escenario.

7.1.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades na interpretación colectiva e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do progreso do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para determinar o nivel de interpretación do alumnado ao inicio do curso, avaliando aspectos como técnica instrumental, afinación, coordinación rítmica e capacidade de traballo en grupo. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do conxunto.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo durante o curso. Inclúe a participación activa nos ensaios, a contribución ao equilibrio e cohesión do conxunto, a aplicación das indicacións do director/a e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá aproximadamente o **35% da nota final**.

- **Avaliación puntual:** interpretación de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións específicas, que servirá para medir a adquisición das competencias instrumentais, a expresión musical e a capacidade de traballo en grupo. Representará aproximadamente o **65% da nota final**.

7.1.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.1.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.1.3.3 Mínimos esixibles

- Participar activamente na execución das pezas, respectando ritmo, afinación, articulación e dinámica básicas.
- Contribuír de forma efectiva á cohesión do grupo, respectando o papel de cada sección e colaborando coas indicacións do director/a.
- Interpretar pezas adaptándose aos recursos expresivos e característicos do estilo traballado.
- Comunicar de forma clara e reflexiva, de maneira oral, observacións sobre a interpretación e a evolución do traballo do grupo.

7.1.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.
- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.
- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.1.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Exercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dicitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.1.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madurez e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Pontearreas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.1.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.1.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de Orquestra **de Música Moderna**, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ **Procedementos de recuperación ordinarios**

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ **Probas extraordinarias de setembro**

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.1.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de Orquestra **de Música Moderna**, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

► Material didáctico

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra, con arranxos de diferentes estilos da música moderna.
- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Musescore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.
- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Vídeos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra para a súa análise e mellora progresiva.

7.2 Curso 2º

7.2.1 Obxectivos

O segundo curso de Orquestra ten como finalidade **consolidar as competencias básicas adquiridas no primeiro curso** e avanzar cara a unha maior autonomía interpretativa dentro do conxunto. O alumnado traballará repertorio de dificultade progresiva, prestando especial atención á cohesión entre seccións, á afinación colectiva e á expresividade. Preténdese que os estudantes sexan capaces de comprender o seu rol dentro da agrupación e integrarse con seguridade no traballo global da Orquestra.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar de maneira activa e responsable na execución de obras de dificultade progresiva, mantendo a coordinación, afinación e cohesión co resto do grupo.
2. Consolidar a estabilidade rítmica e a afinación, adquirindo maior precisión e control no son colectivo.
3. Profundizar na escoita activa, recoñecendo con claridade o papel das distintas seccións e a súa interacción no conxunto.
4. Aplicar técnicas de interpretación instrumental con maior precisión, adaptando fraseo, articulación e dinámica ao estilo das obras traballadas.
5. Ampliar o coñecemento dos principais estilos e xéneros da música moderna en Orquestra, diferenciando características estilísticas e expresivas.
6. Desenvolver unha actitude colaborativa e profesional, seguindo con rigor as indicacións do director/a e contribuíndo á calidade global da interpretación.
7. Participar en concertos ou audicións públicas, adquirindo experiencia escénica e confianza como intérpretes en agrupación.

7.2.2 Contidos

Os contidos están organizados en bloques que permiten unha progresión lóxica no desenvolvemento das competencias interpretativas do alumnado. A selección de repertorio será flexible e variada, con pezas representativas dos principais estilos de Orquestra e conxunto, **incrementando progresivamente a complexidade respecto a 1º curso.**

Bloque 1: Consolidación da interpretación en grupo

- Participación activa en ensaios e actuacións colectivas con maior seguridade.
- Aplicación consistente das normas de traballo en conxunto: dinámica, articulación e fraseo.
- Desenvolvemento da escoita activa para mellorar a cohesión global da Orquestra.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Recoñecemento e interpretación de frases e períodos máis desenvolvidos.
- Práctica de formas musicais elementais e estruturadas (binaria, ternaria, blues de 12 compases, canción pop-rock, etc.).
- Comprensión e interiorización do papel de cada sección dentro do conxunto.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Mellora da afinación e equilibrio entre voces e seccións, con especial atención ao balance sonoro.
- Aplicación das técnicas instrumentais con maior precisión e estabilidade.
- Coordinación rítmica en pezas de dificultade elemental a media, mantendo pulso e compás de forma segura.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo de texturas homofónicas e contrapuntísticas adaptadas ao nivel do grupo.
- Aplicación progresiva de dinámicas, articulacións e matices expresivos para enriquecer a interpretación.
- Introducción e práctica de ritmos e grooves característicos de estilos como rock, pop, funk ou swing básico.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Familiarización con diferentes estilos da música moderna en Orquestra.
- Adaptación da interpretación ao estilo e carácter das pezas, incorporando expresión e musicalidade.
- Recoñecemento de recursos estilísticos e achegamento á diversidade de repertorio da música moderna.

Bloque 6: Aplicación práctica e actuación

- Interpretación de pezas de dificultade progresiva que supoñan un reto alcanzable para o alumnado.
- Participación en ensaios xerais e actuacións públicas, reforzando a cohesión e a responsabilidade do conxunto.
- Desenvolvemento da confianza escénica, da expresividade musical e do traballo colaborativo.

➤ Repertorio orientativo:

- Be my baby – The Ronettes
- Psico Killer – Talking Heads
- Satisfaction – The Rolling Stones
- I Kissed a girl – Katy Perry

(A selección será flexible e adaptarase cada curso ao nivel do alumnado e aos recursos instrumentais dispoñibles.)

7.2.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades na interpretación colectiva e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do progreso do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para determinar o nivel de interpretación do alumnado ao inicio do curso, avaliando aspectos como técnica instrumental, afinación, coordinación rítmica e capacidade de traballo en grupo. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do conxunto.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo durante o curso. Inclúe a participación activa nos ensaios, a contribución ao equilibrio e cohesión do conxunto, a aplicación das indicacións do director/a e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá aproximadamente o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** interpretación de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións específicas, que servirá para medir a adquisición das competencias instrumentais, a expresión musical e a capacidade de traballo en grupo. Representará aproximadamente o **65% da nota final**.

7.2.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.2.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.2.3.3 Mínimos esixibles

- Participar activamente na execución das pezas, respectando ritmo, afinación, articulación e dinámica básicas.
- Contribuír de forma efectiva á cohesión do grupo, respectando o papel de cada sección e colaborando coas indicacións do director/a.
- Interpretar pezas adaptándose aos recursos expresivos e característicos do estilo traballado.
- Comunicar de forma clara e reflexiva, de maneira oral, observacións sobre a interpretación e a evolución do traballo do grupo.

7.2.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.
- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.

- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.2.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Exercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dicitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.2.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Pontearreas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.2.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de **Orquestra de Música Moderna**, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.2.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de **Orquestra de Música Moderna**, empregarase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

► Material didáctico

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra, con arranxos de diferentes estilos da música moderna.
- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Musescore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.
- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Vídeos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra para a súa análise e mellora progresiva.

7.3 Curso 3º

7.3.1 Obxectivos

O terceiro curso de Orquestra ten como finalidade **afianzar a práctica en conxunto iniciada nos cursos anteriores** e avanzar cara a unha interpretación máis madura e autónoma. O alumnado deberá ser capaz de integrar con seguridade o seu rol dentro da Orquestra, desenvolver unha maior expresividade e abordar repertorio representativo da música moderna cun nivel de dificultade intermedio. Ademais, introdúcese a práctica de solos e improvisación guiada, así como a profundización no traballo estilístico e expresivo.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar de maneira activa e responsable na execución de obras de dificultade intermedia, mantendo a afinación, a cohesión e a expresividade en conxunto.
2. Consolidar a coordinación rítmica e a afinación colectiva, adquirindo maior precisión e control na interpretación.
3. Desenvolver a escoita activa e a interacción entre seccións, identificando con claridade as funcións de cada voz ou sección dentro da Orquestra.
4. Aplicar técnicas de interpretación instrumental con maior refinamento, adaptando fraseo, articulación, dinámica e estilo ás características de cada peza.
5. Coñecer e interpretar repertorio de diversos estilos da música moderna (jazz, funk, rock, pop, soul, latin), recoñecendo as súas características distintivas.
6. Iniciarse na improvisación guiada e na interpretación de solos sinxelos, integrando a creatividade persoal dentro do traballo colectivo.
7. Traballar de forma colaborativa e proactiva, mostrando autonomía, iniciativa e respecto ás indicacións do director/a.
8. Participar en concertos e proxectos públicos, desenvolvendo confianza escénica, seguridade e responsabilidade artística.

7.3.2 Contidos

Os contidos están organizados en bloques que permiten unha progresión lóxica no desenvolvemento das competencias interpretativas do alumnado. A selección de repertorio será variada e representativa dos principais estilos da música moderna, con obras de dificultade intermedia que permitan avanzar na cohesión, expresividade e creatividade colectiva.

Bloque 1: Consolidación da interpretación en grupo

- Participación activa en ensaios xerais e por seccións.
- Responsabilidade individual na preparación da parte asignada.
- Desenvolvemento da escoita e integración co resto do conxunto.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Identificación e interpretación de formas musicais máis desenvolvidas (AABA, rondó, canción pop/rock estruturada).
- Comprensión da función estrutural de cada sección instrumental.
- Adaptación da interpretación á arquitectura formal das obras.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Mellora da afinación e equilibrio tímbrico entre seccións.
- Coordinación rítmica en obras con sínkopas, contratempos e cambios métricos sinxelos.
- Desenvolvemento do control dinámico e da homoxeneidade sonora.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo con texturas homofónicas, contrapuntísticas sinxelas e polifonía adaptada ao nivel.
- Aplicación coherente de dinámicas, matices expresivos e articulacións.
- Expresión interpretativa axustada ao estilo de cada peza.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Coñecemento e práctica de estilos da música moderna en Orquestra: jazz, funk, rock, pop, soul, latin.
- Adaptación do fraseo e da expresividade ao estilo correspondente.
- Introducción á interpretación de grooves e patróns rítmicos característicos.

Bloque 6: Creatividade e improvisación

- Iniciación á improvisación guiada sobre estruturas sinxelas (blues de 12 compases, progressións I-IV-V, cancións modais).
- Práctica de solos individuais dentro da Orquestra.
- Desenvolvemento da creatividade persoal sen perder a cohesión co conxunto.

Bloque 7: Aplicación práctica e actuación

- Ensaio regular e montaxe de repertorio con dificultade intermedia.
- Participación en concertos, audicións abertas e proxectos públicos.
- Desenvolvemento da autonomía, seguridade escénica e responsabilidade artística.

Repertorio orientativo (3º curso)

- *Watermelon Man* – Herbie Hancock (funk-jazz).
- *Autumn Leaves* – Joseph Kosma (standard jazz, forma AABC).
- *Superstition* – Stevie Wonder (funk/soul).
- *Stand by Me* – Ben E. King (pop-soul).
- *Oye Como Va* – Tito Puente / Santana (latin-rock).
- Arranxos intermedios de swing (*All of Me*, *Take the A Train*).

(A selección será flexible e adaptarase ao nivel do alumnado e aos recursos dispoñibles cada curso.)

7.3.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.3.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.3.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.3.3.3 Mínimos esixibles

- Participar activamente na execución das pezas, respectando ritmo, afinación, articulación e dinámica básicas.

- Contribuír de forma efectiva á cohesión do grupo, respectando o papel de cada sección e colaborando coas indicacións do director/a.
- Interpretar pezas adaptándose aos recursos expresivos e característicos do estilo traballado.
- Comunicar de forma clara e reflexiva, de maneira oral, observacións sobre a interpretación e a evolución do traballo do grupo.

7.3.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.
- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.
- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.3.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Ejercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dixitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.3.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Pontearreas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.3.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.3.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de **Orquestra de Música Moderna**, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.3.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de **Orquestra de Música Moderna**, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

➤ Material didáctico

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra, con arranxos de diferentes estilos da música moderna.

- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Muscore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.
- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Vídeos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra para a súa análise e mellora progresiva.

7.4 Curso 4º

7.4.1 Obxectivos

O cuarto curso de Orquestra ten como finalidade **afondar nas competencias interpretativas e expresivas do alumnado**, introducindo repertorio de maior complexidade técnica e estilística. Preténdese consolidar a autonomía na preparación individual, fomentar a iniciativa musical no traballo colectivo e ampliar as posibilidades de improvisación e creatividade. O alumnado deberá ser capaz de participar activamente en proxectos escénicos de maior responsabilidade, representando con solvencia ao centro en concertos e actividades culturais.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar de maneira activa e responsable na execución de obras de dificultade intermedia-alta, mantendo a cohesión, a afinación e a expresividade colectiva.
2. Consolidar a autonomía na preparación individual, asumindo con responsabilidade o estudo da parte asignada e a súa integración co conxunto.
3. Desenvolver a escoita crítica, recoñecendo desequilibrios e proponendo solucións para mellorar a interpretación colectiva.
4. Aplicar con precisión fraseo, articulación, dinámica e estilo en función das esixencias de cada obra.
5. Profundizar no coñecemento de estilos da música moderna, abordando repertorio máis diverso e complexo (jazz, funk, soul, latin, rock avanzado, fusión).
6. Ampliar a práctica da improvisación, participando en solos máis elaborados e integrando recursos melódicos, harmónicos e rítmicos traballados noutras materias.
7. Colaborar de forma proactiva co director/a e cos compañeiros, mostrando actitude profesional e capacidade de liderado dentro da agrupación.
8. Participar en concertos, proxectos interdisciplinares e actividades externas, adquirindo experiencia escénica e madurez artística.
9. Participar en concertos e proxectos públicos, desenvolvendo confianza escénica, seguridade e responsabilidade artística.

7.4.2 Contidos

Os contidos están organizados en bloques que permiten unha progresión lóxica no desenvolvemento das competencias interpretativas do alumnado. Neste nivel trabállase con repertorio de dificultade intermedia-alta, fomentando a autonomía, a creatividade e a madurez artística.

Bloque 1: Interpretación en grupo

- Participación activa e autónoma en ensaios xerais e por seccións.
- Responsabilidade individual na preparación das partes asignadas.
- Contribución á cohesión e ao equilibrio xeral do conxunto.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Interpretación de formas máis complexas (AABA con ponte, rondós ampliados, medleys, suites de estilos modernos).
- Comprensión das interaccións entre seccións (chamadas e respostas, breaks, solos acompañados).
- Adaptación da interpretación á estrutura formal das obras.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Control avanzado da afinación, da dinámica e do equilibrio entre seccións.
- Coordinación rítmica en obras con sínkopas, contratempos, cambios métricos e polirritmias sinxelas.
- Desenvolvemento da homoxeneidade sonora e da precisión de entradas e cortes.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo de texturas homofónicas, contrapuntísticas e polifónicas de maior complexidade.
- Aplicación refinada de matices expresivos e contrastes dinámicos.
- Uso expresivo de articulacións e fraseo segundo o estilo.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Profundización en estilos modernos complexos: jazz modal, funk avanzado, latin jazz, soul, rock progresivo, fusión.
- Recoñecemento das características expresivas e estruturais de cada estilo.
- Adaptación interpretativa coherente co carácter de cada peza.

Bloque 6: Creatividade e improvisación

- Desenvolvemento de improvisacións máis elaboradas en estruturas harmónicas intermedias (II-V-I, blues menor, progresións modais).
- Práctica de solos con maior grao de liberdade e responsabilidade artística.
- Creatividade na proposta de arranxos ou variacións interpretativas.

Bloque 7: Aplicación práctica e actuación

- Montaxe de repertorio intermedio-avanzado.
- Participación en concertos, proxectos interdisciplinares e colaboracións externas.
- Desenvolvemento da madurez artística, da seguridade escénica e da actitude profesional.

Repertorio orientativo (4º curso)

- *Spain* – Chick Corea (latin-jazz/fusión).
- *Bad Romance* – Lady Gaga (Pop)
- *Birdland* – Weather Report (fusión).
- *Liquid State* – Muse (Rock Alternativo)
- *Log Road to run* – Foo Fighters (Rock)
- Arranxos intermedios-avanzados de swing (*In the Mood*, *Caravan*).

(A selección será flexible e adaptarase ao nivel do alumnado e aos recursos dispoñibles cada curso.)

7.4.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.4.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.4.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.4.3.3 *Mínimos esixibles*

Para superar a materia de Orquestra no 4º curso, o alumnado deberá demostrar as seguintes competencias mínimas:

1. **Participación regular e responsable nos ensaios e actuacións**, mostrando compromiso co traballo colectivo.
2. **Preparación individual suficiente** das partes asignadas, asegurando unha integración básica no conxunto.
3. **Mantemento da afinación e da coordinación rítmica esencial**, evitando desaxustes que comprometan a cohesión do grupo.
4. **Seguimento das indicacións do director/a**, respectando entradas, cortes, dinámicas e fraseo fundamentais.
5. **Capacidade de escoita activa e adaptación ao grupo**, axustando volume e timbre para favorecer o equilibrio xeral.
6. **Execución con corrección do repertorio traballado**, aínda que con limitacións técnicas ou expresivas, sempre que se cumpra coas esixencias mínimas da interpretación.
7. **Actitude respectuosa e colaborativa**, imprescindible para o desenvolvemento do traballo en Orquestra.

7.4.3.4 *Procedementos e ferramentas de avaliación*

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.

- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.
- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.4.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Exercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dicitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.4.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Pontearreas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.4.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.4.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de **Orquestra de Música Moderna**, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ **Procedementos de recuperación ordinarios**

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ **Probas extraordinarias de setembro**

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.4.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de **Orquestra de Música Moderna**, empregarase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

► Material didáctico

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra, con arranxos de diferentes estilos da música moderna.
- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Muscore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.
- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Videos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra a para a súa análise e mellora progresiva.

7.5 Curso 5º

7.5.1 Obxectivos

O quinto curso de Orquestra ten como finalidade **consolidar unha interpretación madura e expresiva**, afrontando repertorio avanzado que esixa precisión técnica, comprensión estilística e seguridade escénica. Preténdese que o alumnado desenvolva maior autonomía, responsabilidade e capacidade de liderado dentro do conxunto, asumindo un papel activo tanto na interpretación colectiva como na creatividade individual a través da improvisación e a proposta de arranxos.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar activamente na execución de obras de dificultade avanzada, mantendo cohesión, afinación e expresividade de alto nivel.
2. Consolidar a autonomía persoal na preparación e estudo das partes asignadas, demostrando madurez interpretativa.
3. Desenvolver unha escoita crítica e proactiva, contribuíndo á mellora colectiva mediante suxestións e propostas construtivas.
4. Aplicar con rigor fraseo, articulación, dinámica e estilo, respectando as características de cada obra e de cada xénero musical.
5. Ampliar o coñecemento e a interpretación de repertorio avanzado de música moderna (jazz, fusión, funk, latin, rock progresivo, soul).
6. Afondar na práctica da improvisación, con solos máis elaborados e creativos que incorporen recursos harmónicos, melódicos e rítmicos complexos.

7. Asumir un papel máis activo de **liderado musical** en determinadas situacións: coordinar seccións, apoiar ao director/a ou marcar entradas cando sexa necesario.
8. Participar en concertos, gravacións e proxectos interdisciplinares con profesionalidade, desenvolvendo unha actitude madura, responsable e creativa.

7.5.2 Contidos

No quinto curso, os contidos organízanse en bloques que buscan consolidar unha interpretación madura e expresiva, con repertorio de dificultade avanzada. Poténciase a autonomía do alumnado, a súa capacidade crítica e a integración de coñecementos doutras materias no traballo da Orquestra.

Bloque 1: Interpretación en grupo

- Participación autónoma e responsable en ensaios xerais e por seccións.
- Preparación individual rigorosa das partes asignadas.
- Contribución activa á cohesión e ao equilibrio global da Orquestra.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Interpretación de formas musicais complexas (suite moderna, medley temático, estruturas irregulares).
- Comprensión da arquitectura formal avanzada e do papel de cada sección no conxunto.
- Adaptación da interpretación a cambios estilísticos dentro dunha mesma obra.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Control avanzado da afinación, equilibrio tímbrico e dinámica.
- Coordinación rítmica en obras con cambios métricos frecuentes, síncopas complexas e polirritmias.
- Desenvolvemento do son colectivo en pasaxes de dificultade técnica alta.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo de texturas complexas: polifonía a varias voces, superposición de grooves, contrapunto estilizado.
- Aplicación avanzada de dinámicas, contrastes expresivos e articulación refinada.

- Profundización na expresividade interpretativa, adaptada a cada estilo.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Estudo e práctica de estilos avanzados da música moderna: jazz modal e avanzado, latin-jazz complexo, fusión, soul-funk avanzado, rock progresivo.
- Adaptación da interpretación ao carácter estilístico de cada obra.
- Recoñecemento e reprodución de recursos estilísticos avanzados.

Bloque 6: Creatividade e improvisación

- Desenvolvemento de improvisacións sobre progresións harmónicas complexas (substitucións, modulacións, escalas modais avanzadas).
- Solos máis longos e elaborados, con liberdade creativa.
- Propostas de arranxos, variacións ou ideas interpretativas no conxunto.

Bloque 7: Aplicación práctica e actuación

- Montaxe de repertorio avanzado.
- Participación en concertos, gravacións e proxectos externos.
- Desenvolvemento da profesionalidade, seguridade escénica e responsabilidade artística.

Repertorio orientativo (5º curso)

- *In my Darkest Hour* – Megadeth (Metal)
- *Master of Puppets* – Metallica (Metal)
- *Gone Under* – Snarky Puppy (funk).
- *Whipping Post* – Alman Brothers (soul-funk).
- *Dean Town* (funk).
- Arranxos avanzados de swing (*Sing, Sing, Sing; A Night in Tunisia*).

(A selección será flexible e adaptarase ao nivel do alumnado e aos recursos dispoñibles cada curso.)

7.5.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.5.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.5.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.5.3.3 Mínimos esixibles

Para superar a materia de Orquestra no 5º curso, o alumnado deberá demostrar as seguintes competencias mínimas:

1. **Participación regular e responsable** nos ensaios e concertos, mostrando compromiso co traballo colectivo.
2. **Preparación individual suficiente** das partes asignadas, con capacidade de integrarse no conxunto aínda que con limitacións técnicas.
3. **Mantemento aceptable da afinación e da coordinación rítmica**, garantindo unha participación coherente dentro da Orquestra.
4. **Seguimento das indicacións do director/a**, aplicando entradas, cortes e dinámicas básicas con corrección.
5. **Capacidade de escoita activa e adaptación** ao grupo, buscando equilibrio de volume e timbre entre seccións.
6. **Execución correcta das obras programadas**, aínda que con posibles limitacións expresivas, sempre que se cumpran os requisitos mínimos de estilo e cohesión.
7. **Actitude colaborativa, disciplinada e respectuosa**, imprescindible para o desenvolvemento da actividade colectiva.

7.5.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.
- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.
- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.5.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Exercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dixitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.5.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madurez e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.5.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.5.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de **Orquestra de Música Moderna**, establécense as seguintes

medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ **Procedementos de recuperación ordinarios**

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ **Probas extraordinarias de setembro**

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.5.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de **Orquestra de Música Moderna**, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

➤ **Material didáctico**

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra , con arranxos de diferentes estilos da música moderna.
- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Muscore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.

- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Vídeos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra para a súa análise e mellora progresiva.

7.6 Curso 6º

7.6.1 Obxectivos

O sexto curso de Orquestra ten como finalidade **culminar o proceso formativo iniciado en cursos anteriores**, consolidando unha interpretación autónoma, expresiva e estilisticamente rigorosa. O alumnado deberá demostrar solvencia técnica, capacidade de liderado musical e madurez artística, integrando todos os coñecementos adquiridos ao longo do grao profesional. Preténdese que os estudantes participen como músicos responsables, capaces de interpretar repertorio avanzado, improvisar con liberdade e colaborar activamente en proxectos musicais de carácter profesional ou interdisciplinar.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. Participar con plena autonomía na execución de obras de dificultade avanzada, mantendo cohesión, afinación e expresividade de alto nivel.
2. Consolidar unha preparación individual madura, con capacidade de estudo eficiente e responsabilidade artística.
3. Desenvolver unha escoita crítica e refinada, aplicando solucións interpretativas para mellorar a calidade global do conxunto.
4. Aplicar con precisión fraseo, articulación, dinámica e estilo, adaptándose con rigor ás características de cada xénero musical.
5. Dominar repertorio avanzado de música moderna en Orquestra (jazz, fusión, funk, latin, soul, rock progresivo), asumindo os retos técnicos e expresivos que presenta.
6. Afondar na improvisación con solos de complexidade avanzada, integrando recursos harmónicos, rítmicos e estilísticos de maneira persoal e creativa.
7. Asumir responsabilidades de **liderado musical**, como coordinar seccións, dirixir fragmentos ou apoiar ao director/a en tarefas de cohesión interpretativa.
8. Participar en concertos, gravacións e proxectos interdisciplinares con profesionalidade, demostrando madurez escénica, iniciativa artística e compromiso co traballo colectivo.

7.6.2 Contidos

No sexto curso, os contidos organízanse en bloques que buscan **culminar a formación interpretativa do alumnado**, consolidando unha interpretación autónoma, madura e expresiva. O repertorio será de dificultade avanzada, esixindo unha maior capacidade técnica, creativa e de liderado dentro da agrupación.

Bloque 1: Interpretación en grupo

- Participación autónoma e profesional en ensaios xerais e por seccións.
- Preparación individual exhaustiva das partes asignadas.
- Asunción de responsabilidades de cohesión, equilibrio e liderado dentro do conxunto.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura das pezas

- Interpretación de formas musicais complexas (suites, medleys temáticos, estruturas irregulares, obras con cambios de compás frecuentes).
- Comprensión e aplicación práctica da arquitectura formal avanzada.
- Adaptación a obras que combinen diferentes estilos e seccións contrastadas.

Bloque 3: Técnica e afinación colectiva

- Control preciso da afinación, dinámica e equilibrio tímbrico en situacións de dificultade elevada.
- Coordinación rítmica en obras con sínkopas complexas, polirritmias, cambios métricos e superposición de grooves.
- Mantemento da homoxeneidade sonora en pasaxes esixentes.

Bloque 4: Textura, dinámicas e expresión

- Traballo con texturas complexas: polifonía avanzada, contrapunto estilizado e superposición de estilos.
- Aplicación refinada de dinámicas, contrastes e articulacións.
- Profundización na expresividade, con interpretación adaptada a diferentes estilos e contextos.

Bloque 5: Estilo e repertorio

- Estudo e interpretación de estilos avanzados: jazz modal e contemporáneo, fusión, latin-jazz avanzado, soul-funk, rock progresivo, metal e músicas híbridas.
- Interiorización dos recursos estilísticos característicos de cada xénero.
- Adaptación da interpretación a obras de referencia no repertorio moderno.

Bloque 6: Creatividade e improvisación

- Improvisación avanzada sobre estruturas complexas con substitucións harmónicas e modulacións múltiples.
- Desenvolvemento de solos persoais con maior liberdade creativa.
- Participación en arranxos, propostas de dirección puntual e variacións interpretativas.

Bloque 7: Aplicación práctica e actuación

- Montaxe de repertorio avanzado e diverso.
- Participación en concertos, gravacións, proxectos interdisciplinares e colaboracións externas.
- Desenvolvemento da profesionalidade, seguridade escénica e madurez artística.

Repertorio orientativo (6º curso)

- *Street Life* – The Crusaders (jazz-funk / soul-jazz)
- *I Wish* – Stevie Wonder (funk / soul)
- *Autumn Leaves* – Joseph Kosma (standard de jazz, balada swing / bossa)
- *So What* – Miles Davis (jazz modal)
- *Impressions* – John Coltrane (*tamén interpretada por Wes Montgomery*) (jazz modal)
- *All the Things You Are* – Jerome Kern (standard de jazz, hard bop / swing)
- *Bluesette* – Toots Thielemans (jazz waltz / standard europeo)
- *Take Five* – Paul Desmond / The Dave Brubeck Quartet (cool jazz, compás irregular 5/4)

(A selección será flexible e adaptarase ao nivel do alumnado e aos recursos dispoñibles cada curso.)

7.6.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización

regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.

- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.6.3.1 Criterios de avaliación

- **Calidade da interpretación colectiva:** execución correcta das pezas, respectando dinámica, articulación, ritmo, afinación e equilibrio entre seccións.
- **Progresión técnica e musical individual:** mellora da técnica instrumental, do control do son e da capacidade de expresión ao longo do curso.
- **Participación e colaboración en grupo:** implicación activa nos ensaios e actuacións, cooperación coas indicacións do director/a e contribución á cohesión do conxunto.
- **Adaptación ao estilo e carácter das pezas:** capacidade de interpretar adecuadamente diferentes xéneros e estilos, respectando os recursos expresivos e estilísticos propios de cada obra.
- **Expresión musical e comunicación:** desenvolvemento da expresividade, fraseo e capacidade de transmitir intención musical durante a interpretación, así como participación activa en debates ou valoracións colectivas sobre a execución.

7.6.3.2 Actividades de avaliación

- **Interpretación en ensaio e actuacións:** execución das pezas traballadas en clase ou en actuacións programadas, avaliando técnica, afinación, ritmo, dinámicas, articulación, expresión musical e cohesión do grupo.
- **Traballo práctico en grupo:** preparación de pezas progresivamente máis complexas, participación activa nos ensaios, contribución ao equilibrio e coordinación co conxunto.

7.6.3.3 Mínimos esixibles

Para superar a materia de Orquestra no 6º curso, o alumnado deberá demostrar as seguintes competencias mínimas:

1. **Participación regular e responsable** en ensaios e concertos, mostrando compromiso constante co traballo colectivo.
2. **Preparación individual suficiente** das partes asignadas, sendo capaz de integrarse no conxunto con corrección, mesmo con limitacións técnicas.
3. **Mantemento aceptable da afinación, ritmo e cohesión**, garantindo que a súa participación non comprometa a interpretación global.

4. **Seguimento das indicacións do director/a**, aplicando entradas, cortes, cambios de dinámica e fraseo básicos con precisión mínima.
5. **Capacidade de escoita activa e adaptación ao grupo**, mantendo un equilibrio elemental de volume e timbre coas outras seccións.
6. **Execución correcta do repertorio programado**, aínda que con limitacións expresivas ou técnicas, sempre que se respecte o estilo e a cohesión mínima do conxunto.

7.6.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición das competencias interpretativas como o desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación:

- **Observación sistemática:** realizada de forma continua durante os ensaios e actividades prácticas, tendo en conta a participación activa, a implicación no traballo colectivo, a aplicación das indicacións do director/a, a coordinación co grupo e a progresión técnica e musical.
- **Interpretación práctica:** avaliación mediante a execución de pezas de dificultade crecente en ensaios ou actuacións, considerando a afinación, o ritmo, a dinámica, a articulación, a expresión e a cohesión do conxunto.
- **Reflexión e comentario:** valoración da capacidade do alumnado para reflexionar sobre a interpretación, identificar aspectos a mellorar, discutir o estilo das pezas e argumentar decisións interpretativas de forma oral.

Ferramentas para a recollida de datos:

- **Rexistros de observación do docente:** anotacións sobre participación, actitude, progresión técnica e expresiva durante os ensaios e actuacións.
- **Gravacións de interpretación:** revisión das actuacións para avaliar a precisión, a cohesión e a expresión musical.
- **Actuacións ou ensaios programados como avaliación puntual:** demostración das competencias adquiridas mediante interpretación de pezas de maior complexidade ao longo do curso.

Estes procedementos permitirán unha avaliación formativa e continua, centrada no progreso individual e colectivo, garantindo que o alumnado alcance os obxectivos da materia ao longo de todo o período profesional.

7.6.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Repertorio	Interpretación de obras de distintos estilos e épocas, respectando a afinación, equilibrio, articulación e homoxeneidade do son.	35%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade de interpretar en conxunto, mantendo ritmo, dinámica, fraseo e coherencia co director e cos demais integrantes.	35%
Conceptos técnicos	Comprensión e aplicación de indicacións musicais da partitura: signos, matices, articulacións e terminoloxía propia da música de banda.	15%
Ejercicios de técnica	Traballo específico de respiración, dixitación, emisión, articulación e afinación, así como exercicios de ensaio en seccións.	15%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.6.3.6 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance as competencias interpretativas e colaborativas esixidas na materia de **Orquestra de Música Moderna**, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia:

➤ Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba práctica individual e/ou en grupo que determinará a súa avaliación final de xuño. Esta proba estará deseñada para avaliar tanto a preparación individual (execución correcta da parte asignada, afinación, ritmo e expresividade) como a súa integración no conxunto (coordinación, escoita activa e seguimento das indicacións do director).

➤ Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos/as que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia. A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar:

- **Proba práctica individual:** interpretación da parte correspondente dunha obra ou fragmento, demostrando afinación, ritmo, dinámica e estilo.
- **Proba de integración en grupo** (cando sexa posible): execución en pequeno conxunto ou coa colaboración doutros alumnos, para comprobar a capacidade de cohesión, adaptación e traballo colaborativo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.6.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a aprendizaxe, a interpretación en grupo e a integración dos contidos da materia de **Orquestra de Música Moderna**, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, formacións e niveis de complexidade. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades interpretativas, auditivas e colaborativas, a partir dun enfoque práctico e contextualizado.

► Material didáctico

- Partituras adaptadas ao nivel e ás seccións da Orquestra, con arranxos de diferentes estilos da música moderna.
- Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado con indicacións de interpretación, dinámica, articulación e rol de cada sección.
- Software e aplicacións interactivas de apoio, como **Muscore**, **iReal Pro**, **Sibelius**, para o estudo individual e colectivo.
- Gravacións de referencia de Orquestras modernas e agrupacións similares, para fomentar a escoita activa e a análise auditiva.
- Exercicios prácticos de sección (base rítmica, metais, corda, voces) orientados ao desenvolvemento do equilibrio tímbrico e da cohesión.

► Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- Herrera, Enric. *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- Levine, Mark (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- Rawlins, R. & Bahha, N. (2005). *Jazzology: The Encyclopedia of Jazz Theory for All Musicians*. Hal Leonard.
- Aebersold, Jamey (varios anos). *Play-A-Long Series*.

► Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e arranxos de obras representativas da música moderna en fontes como *The Real Book* ou plataformas dixitais de notación.
- Vídeos de concertos e ensaios de Orquestras de música moderna dispoñibles en plataformas como **YouTube** ou catálogos educativos dixitais.
- Gravacións das propias interpretacións da Orquestra para a súa análise e mellora progresiva.

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións recollidas no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que “a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa”.

Neste sentido, o Departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe do alumnado, desenvolvido no apartado correspondente de cada curso, da programación didáctica, e da labor docente.

O seguimento e avaliación da programación será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia en acta das desviacións e modificacións acordadas. Estas propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento e servirán de base para a actualización da programación no seguinte curso académico.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten **coherencia e continuidade**, indicando as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

No caso de 6º curso, ao tratarse da culminación do Grao Profesional, prestarase unha atención especial a que a avaliación e o seguimento da programación aseguren a adquisición das competencias finais propias da etapa.

Dende o Departamento de Musicoloxía, para avaliar a nosa programación didáctica, teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** a súa adecuación ás necesidades do alumnado e ao Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** validez da súa selección con respecto aos obxectivos formulados e adecuación ao nivel final da etapa.
- **Actividades:** adaptación á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** coherencia e adecuación á realidade do grupo.
- **Medios e recursos:** avaliación da idoneidade dos recursos empregados e da súa relación cos obxectivos propostos.
- **Avaliación:** comprobación da coherencia entre criterios de avaliación, procedementos, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** valoración da relación co alumnado e do clima de convivencia, cooperación e traballo.

9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesor considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

10. Anexos

10.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional

Na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios pódese encontrar toda a información referente a este punto.

Documento de información sobre as probas de acceso.

10.2 Probas de acceso a outros cursos

Do mesmo xeito que no punto anterior, toda a información relativa ás probas de acceso a outros cursos atópase na páxina web e no taboleiro de anuncios do centro.

Información sobre as probas de acceso a outros cursos.

10.3 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas, xustificadas e sen xustificar. O alumnado perderá o dereita á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ó 30% ou máis das clases ó longo do curso. Isto supón que non se poden ter máis de 6 faltas sen xustificar ou 9 xustificadas, pero nunca máis de 9 en total, sexan xustificada ou non.

Para a xustificación das faltas haberá dispoñible na conserxería e na páxina web do centro un formulario a tal efecto que debe ser cuberto e entregado ó profesor, que será a persoa que acepte ou non a falta como xustificada.

10.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais

Indicadores	Porcentaxe
Hábito postural e control da respiración / control corporal co instrumento	10%
Adecuación á partitura (ritmo, notas, compás)	15%
Calidade do son e afinación individual	15%
Coordinación e afinación co conxunto	15%
Interpretación e expresión musical (fraseo, dinámica, estilo, coherencia estilística)	35%
Actitude: presenza no escenario	10%